

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN, CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,30 horas do día 13 de xuño de 2015, para dar cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral (LOREG), e artigos 36 e 37 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), referentes á constitución das corporacións locais e á elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015, que son os seguintes segundo a acta de proclamación de concelleiros electos formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela de data 5 de xuño de 2015:

- PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL: D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN, D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ, D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA, D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ, D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ e D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ.

- PARTIDO POPULAR: D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS e D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS.

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: D. XESÚS PENA ESPÍÑA e D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL

Os concelleiros están asistidos polo secretario do concello, D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o art. 7 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Tamén asiste á sesión a Sra. interventora do concello, D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

O secretario indica que, en cumprimento do preceptuado no art. 36 ROF, se levou a cabo un arqueo extraordinario dos fondos da Corporación. Así mesmo, sinala que está pendente de aprobación a derradeira rectificación do Inventario de Bens do concello.

1º) CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.

Polo secretario infórmase que a sesión ten por obxecto a constitución da Corporación municipal para o mandato 2015- 2019 pois, de conformidade co previsto no artigo 195 LOREG e o artigo 37 ROF os novos Concellos constituiranse o vixésimo día posterior á celebración das eleccións.

A sesión estará presidida por unha mesa de idade, conformada polos concelleiros electos de maior e menor idade, D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ, que a preside, e D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN, actuando como secretario o da Corporación.

Unha vez que os concelleiros chamados se incorporan, o secretario declara formalmente constituída a mesa de idade.

2º) COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, DECLARACIÓNS DE ACTIVIDADES, BENS E INTERESES E DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

A mesa de idade, unha vez conformada, procede a comprobar que os corporativos proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona de Santiago presentaron as súas credenciais acreditativas da condición de concelleiro, que os concelleiros electos presentaron as declaracións de actividades, bens e intereses e as liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e sociedades e, finalmente, que concorren á

sesión, como mínimo, os concelleiros electos que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Concorrendo a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co previsto no art. 195.4 LOREG e no art. 37.4 ROF, declárase formalmente constituída a Corporación Municipal de Brión.

3º) TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELEIROS ELECTOS.

Os concelleiros son chamados, por orde alfabética de apelidos, para prestar xuramento ou promesa na fórmula regulamentaria establecida polo RD 707/1979, do 5 de abril, a fin de darlles posesión dos seus cargos, segundo dispón o art. 108.8 LOREG.

Chamados na orde que se indica, todos os concelleiros prestaron persoalmente o xuramento ou promesa do seu cargo:

1. D^a. Patricia Agrafojo Lois.
2. D. Francisco Javier Blanco Sánchez.
3. D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín.
4. D. José Pedro Cambón Fernández.
5. D. José David García Arcos.
6. D. José Luis García García.
7. D^a. María Guarina Rey Vázquez.
8. D. Xesús Pena Espiña.
9. D. Xosé Luis Penas Corral.
10. D. Jesús Quintela Vázquez.
11. D^a. María del Carmen Rey Túdez.
12. D^a. María Rosa Romero Fariña.
13. D. José Luis Sampedro Bouzas.

4º) ELECCIÓN DE ALCALDE.

O secretario informa que, de seguido, se procederá á elección de Alcalde conforme ao procedemento establecido no artigo 196 LOREG, de acordo coas seguintes regras:

1) Poden ser candidatos a Alcalde os concelleiros que encabezaran as candidaturas representadas na Corporación:

- D. José Luis García García.
- D. José David García Arcos.

- D. Xesús Pena Espiña.

2) Será proclamado Alcalde o concelleiro que obteña a maioría absoluta dos votos ou, para o caso de que ningún os obteña, o candidato que encabece a lista que obtivese o maior número de votos populares.

De seguido, pregúntaselles aos tres concelleiros que encabezan as candidaturas representadas se van aspirar á súa elección como Alcalde, respostando afirmativamente todos eles.

A continuación e de conformidade co previsto no art. 196 LOREG, procédese á elección do Alcalde, o que se realiza mediante votación segreda en urna, obténdose o seguinte resultado:

1) D. José Luis García García: nove (9) votos.

2) D. José David García Arcos: dous (2) votos.

3) D. Xesús Pena Espiña: dous (2) votos.

Obtendo D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA a maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros, é proclamado Alcalde do Concello de Brión, segundo establece o art. 196 b) LOREG.

5º) TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE.

O Alcalde electo, D. José Luis García García, de conformidade co artigo 108.8 da LOREG e 40.2 do ROF, é chamado para tomar posesión do seu cargo perante o Pleno da Corporación, o que fai prometendo o cargo na forma regulamentariamente establecida.

De seguido, a Sra. presidenta da mesa de idade faille entrega do bastón de mando e cédelle a presidencia da sesión e D. José Luis García García fai unha breve intervención na que comeza expresando a súa honra por ter sido escollido novamente como Alcalde do Concello de Brión. Tamén manifesta o seu agradecemento aos veciños de Brión por terlle dado o seu apoio nas pasadas eleccións municipais do 24 de maio, aos concelleiros que o acompañaron na candidatura que encabezou e aos empregados municipais que, co seu traballo e con independencia da súa ideoloxía ou preferencias, antepoñendo os intereses dos veciños e a institución a calquera outra cuestión, contribuíron a unha xestión que pode cualificarse de exitosa.

O Sr. Alcalde tamén felicita a todos os concelleiros pola súa elección, e indícalles que son tarefas igualmente honrosas tanto as de xestionar como as de controlar a quen xestiona, sempre que neste último caso se faga desde o respecto e a crítica construtiva.

Finalmente, o Sr. García García, di que lle quere tender a man aos grupos da oposición e asegúralles que o diálogo, aínda desde a discrepancia, será o que presida o seu modo de actuar, indicándolles que está disposto a ter en conta calquera asunto que poida ser beneficioso para os veciños de Brión.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.